

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

EXTRACTO da Orde do 6 de maio de 2019 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (código de procedemento ED202A).

BDNS (identif.): 454996.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado matriculado en centros públicos desta comunidade autónoma e, no caso dos centros privados, o alumnado matriculado en ensinanza concertada coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, que estea cursando o derradeiro curso dun ciclo formativo de grao profesional básico, grao medio ou grao superior de formación profesional inicial, Artes Plásticas e Deseño, Ensinanzas Deportivas e programas formativos ou algún ciclo formativo de FP dual.

Segundo. *Obxecto*

Convocar axudas económicas para a realización en empresas do módulo profesional de FCT e da FP dual en réxime de concorrencia non competitiva.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 6 de maio de 2019 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (código de procedemento ED202A).

Cuarto. *Importe*

O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo ao concepto orzamentario 10.20.422M.480.0 dentro do exercicio orzamentario do ano 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, ata un importe máximo de



800.000 € (oitocentos mil euros). 750.000 € (setecentos cincuenta mil euros) do proxecto 2014-00401 e 50.000 € (cincuenta mil euros) do proxecto 2019-00061, financiadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional de conformidade coa normativa nacional vixente e, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do obxectivo temático número 10. «Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e unha aprendizaxe permanente».

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

1. Primeiro prazo, trinta e un (31) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.
2. O segundo prazo será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2019.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019

Carmen Pomar Tojo
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional

